



Consonte ao disposto no plano de estudos da Licenciatura de Medicina de 1979, os alumnos deberán realizar un curso rotatorio nun dos hospitais que determine a Universidade de Santiago de Compostela.

Tendo en conta que os hospitais teñen prazas limitadas, faise preciso abrir un periodo de solicitudes para a adxudicación de prazas.

Por todo o indicado, esta **REITORIA RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Os alumnos que consonte ao plano de estudos de Medicina reúnan os requisitos para realizar o curso rotatorio, deberán solicitalo entre os días 20 e 31 de xaneiro de 2006.

**SEGUNDO.-** As solicitudes deberán presentarse na Unidade de Xestión Académica do Campus Norte, reflectindo por orde de preferencia, os hospitais onde desexe realizar as prácticas.

**TERCEIRO.-** A Facultade de Medicina fará públicos os hospitais e mailas prazas ofertadas antes do inicio do prazo de solicitude. Igualmente, publicará a relación de alumnos admitidos.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2006

**O REITOR**



Senén Barro Ameneiro

SECRETARÍA XERAL - VICERREITORÍA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E  
PROFESORADO - DECANATO DA FACULTADE DE MEDICINA E ODONTOLOXÍA -  
SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SERVIZOS INFORMÁTICOS - DIRECTORA DA  
OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA -  
UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS NORTE